XUNTA DE DELEGADOS E DELEGADAS

Segundo o artigo 107 do Decreto 324/96 do 26 de xullo, nos IES existirá unha xunta de delegados e delegadas integrada polos representantes do alumnado dos distintos grupos, da que tamén formarán parte os alumnos/as do Consello Escolar.

A xunta estará presidida por un dos seus membros elixido entre os seus compañeiros/as na convocatoria fundacional, que terá lugar cada ano na segunda quincena tralo do comezo de curso. Tamén se elixirá un secretario/a (un voluntario/a que sexa aceptado por todos, preferentemente de segundo ciclo) que levantará acta de todas as reunións.

O delegado/a que preside a xunta encargarase de convocar as reunións, presidilas e coordinalas. Posteriormente, fará chegar as propostas aos órganos do centro que correspondan.

A xunta poderá reunirse en pleno, ou se o considera máis conveniente, en comisións. Para calquera dos dous casos terá que facelo co coñecemento do equipo directivo, que lle asignará un local para reunirse, de tal xeito que non se vexa alterada a actividade docente.

Terá dereito a consultar a programación anual, o PEC, as programacións didácticas e as súas modificacións, así como a posuír un exemplar das NOF.

Os delegados e delegadas, secretarios e secretarias, non poderán ser sancionados/as polo exercicio das súas funcións como voceiros do alumnado, nos termos da normativa vixente.

A xunta de delegados e delegadas terá entre outras as seguintes funcións (Art. 112 e 113 do Decreto 324/96):

1. Facerlle chegar ao equipo directivo propostas para a elaboración e reforma do proxecto educativo do instituto.
2. Informar aos representantes do alumnado no consello escolar dos problemas de cada grupo.
3. Recibir información dos temas tratados no consello escolar por parte dos seus representantes.
4. Formular propostas de modificación deste regulamento dentro do ámbito da súa competencia.
5. Formular propostas á xefatura de estudos para que as teña en conta na elaboración dos horarios.
6. Debater os asuntos que vaia tratar o consello escolar, elevando ao mesmo propostas por medio dos seus representantes.
7. Informar das convocatorias de folga do alumnado con anterioridade de 48 horas, a través dunha acta.